

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria do 10 de novembro de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Eudosio Álvarez Álvarez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey

D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e corenta e catro minutos do día once de novembro de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a todos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero e o titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1.826).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Ratifícase por todos os presentes.

2(1.827).- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. DE GALICIA. EXPTE. 6629/77.

Examinadas as actuacións, visto o informe do secretario da Mesa de Contratación do 04-11-2010, visto o informe da Intervención Xeral Municipal do 05-11-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar á Unión temporal de empresas formadas por ORESA, S.L., e SERCOYSA, Proyectos y Obras, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. DE GALICIA. EXPTE. 6629/77, por un prezo total de 421.684,17 euros (IVE incluído).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado pola Xunta de Goberno de 22 de outubro de 2010 e a oferta presentada.

3(1.828).- ADXUDICACIÓN DO DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS – 2011. EXPTE. 3477/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do secretario da Mesa de Contratación do 04-11-2010, fiscalizado e coa conformidade da Intervención Xeral Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar á mercantil La Fiesta escénica S.L. o procedemento NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO DE PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2011. EXPTE. 3477/335, por un prezo total de 49.000,00 euros (IVE incluído).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 2 de agosto de 2010 e a oferta presentada

4(1.829).- ADXUDCACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA A FLOTA MUNICIPAL. EXPTE. 7285/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do secretario da Mesa de Contratación do 04-11-2010, fiscalizado e coa conformidade da Intervención Xeral Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar á CEPSA COMERCIAL NOROESTE, S.L. o procedemento aberto para a contratación do SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE PARA A FLOTA MUNICIPAL DO PARQUE MÓBIL por un prezo total de 637.850 euros (IVE incluído), e os seguintes descontos por litro: gasóleo A e biodiesel antes do IVE o de 0,0425 euros/litro; gasóleo C antes do IVE o de 0,0465 euros/litro; gasolina 95 antes de IVE o de 0,0245 euros/litro.

Todo o anterior de acordo cos pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobados pola Xunta de Goberno Local e a oferta presentada.

5(1.830).- CONTRATACIÓN PERSOAL POR AMPLIACIÓN UTIL 2010. EXPTE. 7625/77

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe do servizo de Promoción Económica e Emprego do 28-10-2010, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, visto o informe da Intervención Xeral Municipal do 08-11-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Ampliar o número de persoas a contratar do programa UTIL conforme ao seguinte:

- (a) 3 *oficiais conducción* (categoría profesional oficial conducción, da modalidade traballadores/as TÉCNICOS/AS E XESTORES/AS dos programas de emprego).
- (b) 5 *oficiais de albanelería* (categoría profesional oficial construción, da modalidade traballadores/as TÉCNICOS/AS E XESTORES/AS dos programas de emprego).
- (c) 1 *oficial xardinaxe* (categoría profesional Oficial xardinaxe, da modalidade traballadores/as TÉCNICOS/AS E XESTORES/AS dos programas de emprego).
- (d) 22 *peóns/as* (categoría profesional peón construción, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego).

2º. A data de finalización destes contratos por obra ou servizo será o 17 de maio de 2011.

3º. Aprobar o gasto total desta ampliación, que está estimado de 244.905,30€ supondo que a data de contratación sexa o 16 de novembro de 2010, dos que para o presente ano corresponden 59.895,09€ e para o ano 2011 de 185.011,21€. Estes custes aplicaránse ás partidas orzamentarias seguintes do vixente orzamento municipal e do correspondente ao ano 2011:

PARTIDAS		ORZAMENTO		
		2010	2011	Total
2410.1310000	Contratacións fomento do emprego	43.412,68 €	133.826,82 €	177.239,50 €
2410.1600000	Seguridade social emprego	16.482,41 €	51.183,39 €	67.665,80 €
Total		59.895,09 €	185.011,21 €	244.905,30 €

6(1.831).- CONTRATACIÓN DAS OBRAS “PASARELA ECOLÓXICA NO BORDO LITORAL A GUÍA ATA A ROTEA. EXPTE. 6636/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe de Promoción Económica e Emprego do 05-11-2010, conformado polo concelleiro-delegado de área, vistos os informes da Asesoría Xurídica e o de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, ambos de data 05-11-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar a tramitación por procedemento urxente da contratación das obras tendo en conta a necesidade inaplazabel de rematar as obras nos prazos establecidos no proxecto ES0037 “Rexeneración urbana do barrio de Teis”.

2º Aprobar o gasto de 875.646,48 euros para a contratación das obras de “Pasarela Ecolóxica no borde litoral dende A Guía ata A Rotea” no marco do programa “Rexeneración Urbana do barrio de Teis” que se imputarán á partida 1550.6190039 por un importe de 515.656,87 €, da 1550.6110039.2009 por un importe de 230.507,61 € do presuposto do ano 2010, e da aplicación presupostaria 1550.6190039 do ano 2011 un importe de 129.482,00 €. (Os importes levan o IVE engadido).

3º Aproba-lo expediente de contratación para a contratación das obras de “Pasarela Ecolóxica no borde litoral dende A Guía ata A Rotea” no marco do programa “Rexeneración Urbana do barrio de Teis”, que contén o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de obras por procedemento aberto e trámite de urxencia de data 15 de outubro de 2010.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista para a execución do contrato.

7(1.832).- ADDENDA Nº 2 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXTINTA CPTOPT E O CONCELLO DE VIGO PARA A “URBANIZACIÓN DAS RÚAS MANUEL ÁLVAREZ, SEVERINO COBAS E ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ. EXPTE. 570/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 8 de novembro de 2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.-Aprobar a Addenda Nº 2 ao convenio citado consistente en modificar o apartado 1.- da cláusula terceira que queda establecida do seguinte xeito:

2º.- Contribuír o financiamento da actuación cunha achega de cómo máximo seis millóns cento sesenta mil euros (6.160.000,00 €), con cargo a aplicación orzamentaria 07.02.521A 762.0, dos presupostos xerais para 2009, nas seguintes anualidades:

Anualidade de 2009:	500.000,00 €
Anualidade de 2010:	3.000.000,00 €
Anualidade de 2011:	2.660.000,00 €

8(1.833).- MODIFICADO Nº 1 “CUSTE CERO” DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA RÚA MANUEL ÁLVAREZ (CONEXIÓN ESTRADA VELLA DE MADRID-RAMÓN NIETO). EXPTE. 561/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 8 de novembro de 2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto modificado nº 1 a “**coste cero**” do proxecto de “Urbanización da Rúa Manuel Álvarez (Estrada Vella de Madrid – Ramón Nieto) dacordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificados no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 3 de novembro e contan co informe favorable do Asesor Xurídico da Área de Servizos Xerais.

9(1.834).- CONSTRUCCIÓN DE BEIRRARRÚAS NA ESTRADA DE FRAGOSELO– 1ª FASE. SOLICITUDE DE PRÓRROGA. EXPTE. 565/440.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais do 08-11-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Ampliar o prazo de execución das obras de “Construción de Beirarrúas Estrada de Fragoselo, 1ª fase”, pasando a ser o novo prazo de finalización das mesmas o vindeiro 30 de novembro de 2010, non significando incremento algún sobre o importe de adxudicación da obra.

10(1.835).- CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE SOTERRAMENTO DE INFRAESTRUCTURAS ELÉCTRICAS NA RÚA MANUEL ÁLVAREZ. EXPTE 571/440

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe administrativo da área de Servizos Xerais do 09-11-2010, coa conformidade do xefe e do asesor xurídico da área e así mesmo da concelleira-delegada, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar a memoria refundida das aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de outubro de 2010 para executar a obra civil para soterramento de infraestruturas eléctricas na rúa Manuel Álvarez, tal e como figura no expediente, asinada polo xefe da OSPIO con data 4 de novembro de 2010.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, incluíndo as FEC (Follas de especificación do contrato), redactadas polo xefe administrativo da Área de Servizos Xerais con data 8 de novembro, para a contratación das obras de soterramento de infraestruturas eléctricas na rúa Manuel Álvarez, mediante un procedemento negociado sen publicidade de acordo co estipulado no artigo 154, apartados **d)** (debido a razóns técnicas polas que o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado) e **e)** (pola necesidade dunha pronta execución do contrato por imperiosa urxencia e por causas non imputables á Administración contratante) da LCSP, e en base ao informe do xefe da Área de Servizos Xerais de data 4 de novembro pasado.

3º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras indicadas con cargo á aplicación orzamentaria 1550.619.00.60, por un importe máximo de 110.899,53 €, máis o 18% (19.961,92 €) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 130.861,46 € (CENTO TRINTA MIL OITOCENTOS SESENTA E UN EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS).

4º.- Notificar coa maior urxencia o presente acordo á mercantil UTE “URBANIZACIÓN DA RÚA MANUEL ÁLVAREZ (HIDROMIÑO S.L.-HIDROESTRUCTURAS S.L.), para os efectos da súa aceptación, no seu caso, das condicións da contratación que figuran no prego de condicións administrativas particulares e nas FEC, e da execución das obras con arranxo ao proxecto (memoria presupostada) anteriormente aprobado.

11(1.836).- CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE SOTERRAMENTO DE INFRAESTRUCTURAS ELÉCTRICAS NA RÚA CESAREO VÁZQUEZ. EXPTE 572/440 Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe administrativo da área de Servizos Xerais do 09-11-2010, coa conformidade do xefe e do asesor xurídico da área e así mesmo da concelleira-delegada, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar a memoria refundida das aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de outubro de 2010 para executar a obra civil para soterramento de infraestruturas eléctricas na rúa Cesáreo Vázquez, tal e como figura no expediente, asinada polo xefe da OSPIO con data 4 de novembro de 2010.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, incluíndo as FEC (Follas de especificación do contrato), redactadas polo xefe administrativo da Área de Servizos Xerais con data 8 de novembro, para a contratación das obras de soterramento de infraestruturas eléctricas na rúa Cesáreo Vázquez, mediante un procedemento negociado sen publicidade de acordo co estipulado no artigo 154, apartados **d)** (debido a razóns técnicas polas que o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado) e **e)** (pola necesidade dunha pronta execución do contrato por imperiosa urxencia e por causas non imputables á Administración contratante) da LCSP, e en base ao informe do xefe da Área de Servizos Xerais de data 4 de novembro pasado.

3º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras indicadas con cargo á aplicación orzamentaria 1550.619.00.62, por un importe máximo de 230.520,80 €, máis o 18% (41.493,74 €) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 272.014,54 € (DOUSCENTOS SETENTA E DOUS MIL CATORCE EUROS CON CINCOENTA E CATRO CÉNTIMOS).

4º.- Notificar coa maior urxencia o presente acordo á mercantil COVSA, S.A., para os efectos da súa aceptación, no seu caso, das condicións da contratación que figuran no prego de condicións administrativas particulares e nas FEC, e da execución das obras con arranxo ao proxecto (memoria presupostada) anteriormente aprobado.

12(1.837).- CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE SOTERRAMENTO DE INFRAESTRUCTURAS ELÉCTRICAS NA RÚA MANUEL DE COMINGES. EXPTE 573/440

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe administrativo da área de Servizos Xerais do 09-11-2010, coa conformidade do xefe e do asesor xurídico da área e así mesmo da concelleira-delegada, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar a memoria refundida das aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de outubro de 2010 para executar a obra civil para soterramento de infraestruturas eléctricas na rúa Manuel de Cominges, tal e como figura no expediente, asinada polo xefe da OSPIO con data 4 de novembro de 2010.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, incluíndo as FEC (Follas de especificación do contrato), redatadas polo xefe administrativo da Área de Servizos Xerais con data 8 de novembro, para a contratación das obras de soterramento de infraestruturas eléctricas na rúa Manuel de Cominges, mediante un procedemento negociado sen publicidade de acordo co estipulado no artigo 154, apartados **d)** (debido a razóns técnicas polas que o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado) e **e)** (pola necesidade dunha pronta execución do contrato por imperiosa urxencia e por causas non imputables á Administración contratante) da LCSP, e en base ao informe do xefe da Área de Servizos Xerais de data 4 de novembro pasado.

3º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras indicadas con cargo á aplicación orzamentaria 1550.619.00.63, por un importe máximo de 261.153,13 €, máis o 18% (47.007,56 €) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 308.160,69 € (TRESCENTOS OITO MIL CENTO SESENTA EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS).

4º.- Notificar coa maior urxencia o presente acordo á mercantil COVSA, S.A., para os efectos da súa aceptación, no seu caso, das condicións da contratación que figuran no prego de condicións administrativas particulares e nas FEC, e da execución das obras con arranxo ao proxecto (memoria presupostada) anteriormente aprobado.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.